

5.—As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas nin subarrendadas a terceiros.O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza, sen prexuício das contías que correspondan aboar polos interesados.

6.—Se algún concesionario dos autorizados aproveitase maior superficie da que lle foi adxudicada, satisfará o prezo pola devandita superficie establecidas incrementando a súa cuantía ca establecida no anexo 3.Do mesmo xeito toda ocupación de superficie non autorizada, satisfará a taxa incrementando o seu prezo co citado.

## A N E X O S

### PRIMERO. TARIFA

#### ANEXO 1.—RUAS E PRAZAS SITUADAS NO CENTRO URBAN.

A estrutura e a contía será a seguinte:

— Por cada medio metro cadrado de ocupación:	27,76 euros.
— Por cada metro cadrado de ocupación .	55,52 euros.
— Por cada 2 metros cadrados de ocupación:	111,03 euros.
— Por cada 3 metros cadrados de ocupación:	166,52 euros.
— Por cada 4 metros cadrados de ocupación:	222,05 euros
— Por cada 5 metros cadrados de ocupación :	286,85 euros.

#### ANEXO 2.—POSTOS DE TEMPADA CON PRODUCTOS AGRÍCOLAS, NOS ARREDORES E INTERIOR DA PRAZA DE ABASTOS

A estrutura e contía será a seguinte:

— Por cada ½ metro cadrado de ocupación:	16,33 euros.
— Por cada metro cadrado de ocupación :	32,69 euros.
— Por cada 2 metros cadrados de ocupación:	65,30 euros.
— Por cada 3 metros cadrados de ocupación:	97,94 euros.
— Por cada 4 metros cadrados de ocupación:	130,58 euros.
— Por cada 5 metros cadrados de ocupación:	163,24 euros

#### ANEXO 3.—APROVEITAMENTO POR MAIOR SUPERFICIE

— Por cada ½ metro cadrado de ocupación:	3,26 euros.
— Por cada metro cadrado de ocupación:	6,53 euros.
— Por cada 2 metros cadrados de ocupación:	13,05 euros.
— Por cada 3 metros cadrados de ocupación:	19,58 euros.
— Por cada 4 metros cadrados de ocupación:	25,08 euros.

#### ENGÁDESE UN ANEXO 5º

Rodaxes cinematográficos,espectáculos,atraccións e similares, pagarase unha cantidade fixa de 61,62 euros/día.

### **ORDENANZA“FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES DE SERVIZOS DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO”**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985,do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 149 e seguintes, 137, e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de conformidade co

disposto nos artigos 15 a 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de ordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, o Concello de Pontearreas establece a Taxa por Servizos e actividades de prerrecollida, recollida e tratamento do lixo.

### *CAPITULO 1º.—FEITO IMPOÑIBLE*

#### *ARTIGO 1º.—DESCRIBIÓN XENÉRICA*

1. Constitúe o feito imponible da presente Taxa, tanto a prestación dos servizos públicos establecidos ou que poidan no futuro establecerse para a xestión das competencias locais en materia de salubridade pública, coma a realización daquelas actividades que, provocadas por accións e omisións do suxeito pasivo, mesmo efectuadas sen contravención ás disposicións contidas na normativa vixente, se dirixan á execución dos actos materiais necesarios para a preservación ou restablecemento das condicións de hixiene pública preexistentes á produción da acción ou omisión.

#### *ARTIGO 2º.—MANIFESTACIÓN DO FEITO IMPOÑIBLE.*

1. Integran o feito imponible as prestacións de servizos e a realización das actividades que se reseñan seguidamente:

A prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de xestión de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais e establecementos onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais artísticas, de servizos ou calquera outra de carácter meramente social efectuadas sen contraprestación.

A Xestión de residuos comprende as fases de prerrecollida, recollida e tratamento.

Para tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e refugallo de alimentación ou detritos procedentes da limpeza ordinaria de vivendas ou locais. Exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, e materiais de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos e perigosos, e a súa recollida ou tratamento esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade, tal como establece a Lei 10/1990, 24 de abril, ou non estean comprendidos entre os sinalados pola ordenanza ou regulamento do servizo.

A utilización das instalacións do Concello (propias ou conveniadas) para o tratamento daqueles residuos que deban ser recollidos fóra da prestación obrigatoria do servizo e teñan o carácter de residuos asimilables aos urbanos para o efecto de tratamento.

A retirada de cadáveres abandonados de animais, xa se atopen na vía pública, xa en lugar privado, o seu transporte, e o posterior tratamento hixiénico-sanitario deles.

Calquera outra actividade ou servizo que, sen estar comprendida nas letras anteriores, a súa realización ou prestación poida integrarse no feito imponible descrito no artigo 1º desta ordenanza.

### *CAPITULO 2º.—SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES*

#### *ARTIGO 3º.—CONTRIBUÍNTE*

Son xuxeitos pasivos, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que, con referencia ás manifestacións do feito imponible recollidas no artigo anterior se atopan nas seguintes posicións:

- 1º.—En relación á contida na súa letra a):

Os ocupantes ou usuarios das vivendas e locais nos lugares en que se preste o servizo, aínda que sexa esporadicamente, xa o sexan a título de propietarios ou por calquera outro: usufructuarios, arrendatarios, habitacionistas ou mesmo de precario.

- 2º.—En relación ás contidas na letra b):

Os solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións.

3º.—En relación á contida na letra c):

- Os propietarios dun animal morto que fose abandonado en lugar público ou privado, cando a súa cualidade resulte de rexistro administrativo.
- Os propietarios ou detentadores por calquera título do lugar público ou privado onde se atopase o cadáver abandonado do animal, se non se dese a circunstancia prevista no guión anterior
- Os causantes directos da morte do animal, por atropelo ou por outra acción, cando non se deducise de rexistro administrativo a identidade do propietario do animal morto.

4º.—En relación ás contidas na letra d):

Os suxeitos beneficiarios ou afectados pola prestación ou realización dos servizos ou actividades.

#### *ARTIGO 4º.—SUBSTITUTO DO CONTRIBUÍNTE*

Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, ao que se refire o artigo 3.1 desta ordenanza, o propietario das vivendas ou locais, así como as comunidades de propietarios- ás que poderán xirarse a totalidade das cotas que correspondan ao inmovible-, sen presuízo de que uns e outros, no seu caso, podan repercutir as cotas satisfeitas sobre os usuarios, beneficiarios do servizo, conforme o artigo 23.2 a) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

#### *ARTIGO 5º.—CONCORRENCIA DE SUXEITOS PASIVOS*

A concurrencia de dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas ou entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Tributaria na posición de suxeitos pasivos, determinará a responsabilidade solidaria dos concurrentes fronte á Facenda do Concello de Pontearreas.

#### *ARTIGO 6º.—OUTROS RESPONSABLES*

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades en xeral nos supostos e co alcance regulado no artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### *CAPITULO 3º.—BENEFICIOS FISCAIS*

#### *ARTIGO 7º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

Non se concederá ningunha exención ou bonificación no pago da taxa, salvo que por lei estatal establecese outra cousa.

#### *ARTIGO 8º.—REDUCIÓNS*

1º.—Ao abeiro do establecido no art.24.4 da Lei 39/1998, as cotas derivadas da aplicación da Tarifa nº1, correspondentes á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario, reduciranse á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario, reducirase á metade da cota de vivendas para aqueles suxeitos pasivos no que concurra a condición de xubilados, pensionistas ou perceptores de axuda familiar, sempre que os seus ingresos anuais totais non superen o salario mínimo interprofesional vixente no período para o que se solicite a redución e non están obrigados a presentar a declaración do I.R.P.F., nin a de Patrimonio.

A Xunta de Goberno reconecerá, logo do informe dos servizos tributarios do Concello, os dereitos de redución, mencionados no parágrafo anterior, despois da solicitude do/a interesado/a e achega acreditativa na que conste a condición de xubilado, pensionista, o importe da pensión da que é beneficiario, e a circunstancia de estar ao corrente no pago da taxa, aplicándose este beneficio no recibo

correspondente. O impago dos recibos implicará a perda da redución aplicada, prexudicando o dereito do exercicio corrente.

2º.—Terán unha redución do 100% aqueles suxeitos pasivos que sexan perceptores da RISGA.

Neste caso, o/a interesado/a acreditará esta condición a través do certificado correspondente expedido pola autoridade administrativa que teña a competencia sobre esta materia. Esta condición deberá ser recoñecida con carácter anual, logo da solicitude do/a interesado/a.

Na liquidación de cada exercicio, o Concello de Ponteareas coñecerá os contribuíntes beneficiados e importes reducidos, podendo revogar si, da práctica das actuacións inspectoras, se deducise a súa improcedencia con independencia a súa improcedencia con independencia da derivación sancionadora.

3º.—Poderán solicitar unha redución da tarifa de ata un 50% aqueles produtores de lixo que fagan unha contribución destacada e afectiva aos programas de recollida selectiva establecidos polo Concello e/ou aquelas industriais que xestionen pola súa conta os residuos sólidos urbanos producidos, de acordo coas normas específicas que aprobe a Xunta de Goberno no Concello de Ponteareas. Esta contribución deberá ser avaliada de forma medible e contrastada polos servizos técnicos do Concello, deberá ser sometida á consideración da Xunta de Goberno e terá unha vixencia máxima dun ano natural.

4º.—Terán unha bonificación do 10% aqueles contribuíntes que acrediten de xeito efectivo que a vivenda da que son titulares está deshabitada durante a totalidade do período impositivo, mediante a solicitude previa do suxeito pasivo.

5º.—Terán unha redución da tarifa do 100% as seguintes actividades:

- Locais de culto relixioso.
- Asociacións veciñais e aquelas outras asociacións que tivesen recoñecida legalmente a súa condición de non lucrativas.

6º.—Con independencia do establecido nos parágrafos anteriores, non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados da aplicación de tratados internacionais.

Todas e cada unha das reducións previstas neste artigo realizaranse, logo da solicitude anual dos interesados/as, co correspondente informe favorable dos servizos técnicos do Concello.

#### *CAPITULO 4º.—BASE IMPOÑIBLE*

##### *ARTIGO 9º.—DETERMINACIÓN*

A base imponible da Taxa determinarase en atención ás seguintes circunstancias:

- a) A natureza, situación e destino dos lugares ou espazos ocupados polos suxeitos pasivos, no suposto de prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario e demais residuos sólidos asimilables.
- b) A natureza, características e intensidade do resto de servizos prestados ou actividades realizadas en materia de hixiene polo Concello de Ponteareas.

##### *ARTIGO 10º.—DEFINICIÓNS*

Para os efectos desta Taxa, os elementos determinantes da base imponible, que se aparecen reseñados nas correspondentes tarifas, responden ás seguintes definicións.

- VIVENDAS: Domicilios de carácter familiar e pensión que non excedan de 10 prazas.
- ALOXAMENTOS: Lugares de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis, hostais, pensións, residencias, colexios e demais centros de natureza análoga, que excedan de 10 prazas.

– LOCAIS: Lugares ou establecementos susceptibles de ser adicados ao exercicio de actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra, incuídas as de carácter meramente social efectuadas sen contraprestación económica.

– GRANDES ALMACÉNS: Aqueles nos que se exerza unha actividade de comercio polo miúdo en sectores distintos ao agro-alimentario, e cando a súa superficie total, sen ningunha exclusión sexa superior a 50 m<sup>2</sup>. No caso de concurrencia de calquera actividade comercial con outra agroalimentaria, cualificarase ao establecemento de gran almacén cando a superficie destinada á atención ao público nas actividades comerciais sexa maior que nas agroalimentarias.

– FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS: Establecementos onde se recibe, elabora ou transforma a materia prima en produtos elaborados ou semielaborados.

– GRANDES PRODUCTORES DE RESIDUOS: Todos os locais, actividades e, en xeral, ou suxeitos pasivos que teñan unha produción media diaria superior aos 2.000 l, ou aos 300 kg de residuos.

#### CAPITULO 5º.—COTAS TRIBUTARIAS E TARIFAS

##### ARTIGO 11º.—COTA TRIBUTARIA DERIVADA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO.

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, cunha contía que se determinará:

- a) Por sinalamento específico nas Tarifas correspondentes.
- b) A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas devengadas.

##### ARTIGO 19.—COMPATIBILIDADE

A exacción das taxas que a presente ordenanza establece, non exclúe o pago das sanción ou multas que procederán por infracción da ordenanza e demais normativa legal vixente.

DISPOSICION DERRADEIRA.—A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte á publicación da mesma no BOP e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación.

#### “ANEXO: TARIFAS”

TARIFA Nº1: Xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos asimilables.

##### 1.—VIVENDAS

Por cada vivenda ao ano no caso urbano(82,16, €)

Por cada vivenda oa ano no rural( 46,21 €).

##### 2.—TARIFAS ANUAIS

- Hoteis e moteis( 1.016,73 €)
- Hostais, pensións, fondas e análogos(513,50 €)
- Vivendas destinadas a turismo rural(308,10 €)
- Campamentos de turismo(308,10 €)
- Hospitais, clínicas, xeriátricos, residencia, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais(1.016,73 €)
- Academias e autoescolas( 123,24 €)
- Centros docentes privados ou concertados e/ou públicos cuxo mantemento non sexa encomendado pola lei á Administración Local, con réxime de pensión alimenticia( 205,40 €).

- Centros docentes privados ou concertados e/ou públicos cuxo mantemento non sexa encomendado pola Lei á Administración Local, sen réxime de pensión alimenticia (123,24 €).
- Discotecas e salas de festa e similares( 1.335,10 €)
- Pubs e bares de categoría especial(513,50 €)
- Cafeterías (308,10 €)
- Bares e análogos ,sen comida,( 123,24 €)
- Pizzerías. Hamburgueserías, bocaterías, parrilladas, cafeterías e bares coa comida e análogos(359,45 €)
- Restaurantes ata 200m2(359,45 €).  
de máis de 200m2(513,50 €)  
de celebracións(1.540,50 €).
- Supermercados ata 1.000m2(924,30 €)  
de 1.001m2 a 2.000m2(2.208,05 €)  
de 2.001m2 a 4.000m2(4.416,10 €)  
de mais de 4.000m2(5.853,90 €)
- Circulos e clubs con restaurante e/ou cafetería(308,10 €)  
os demais(123,24 €)
- Salas de cine( 225,94 €)
- Entidades financeiras(718,90 €)
- Xestorías, aseguradoras, inmobiliarias, Rexistro da Propiedade e Notarías  
ata 100m2(102,70 €)  
máis de 100m2( 205,40 €)
- Despachos profesionais( 97,56 €)
- Locais de asociacións,org.políticos,sindicais,sectoriais, relixiosos(102,70 €).
- Farmacias, parafarmacias e similares(205,40 €)
- Gasolineiras ata dous surtidores( 256,75 €)  
mais de dous surtidores(513,50 €)  
área de servicio(2043,73 €)
- Tanatorios(513,50 € ).
- Ultramarinos, froiterías, panaderías, carnicerías, alimentación en xeral (308,10 €).
- Almacéns, ferraxerías e análogos ata 200m2(154,05 €)  
mais de 200m2(308,10 €)
- Industria, fábricas, talleres de reparación de automóviles, serraderos, venda de maquinaria e similares ata 100m2(179,72 €).  
de 101m2 a 500m2(287,56 €)  
de 501m2 a 1.500m2( 513,50 €).  
de máis de 1.501m2(1.037,37 €).
- Comercios detallistas,establecementos e toda clase de instalacións de carácter público ou privado non comprendidos en conceptos anteriores ata 90m2(102,70€).  
mais de 90m2(154,05 €)
- Por cada posto fixo de venda en Mercados Municipais e galerías de alimentación (NOTA: A concurrencia dun ou máis postos xuntos no mesmo mercado,adicados á venda de productos iguais, implicará a tributación polo 2º e seguintes da metade da tarifa(41,41 €)